



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

LUGO TERMAL TEMPADA 2021-2022

O día 13 de xullo de 2021 saíron publicadas no BOP as bases de selección dos participantes no programa Lugothermal.

OBXECTO:

Ofertar prazas para tratamentos termais con e sen estancia na provincia de Lugo dentro do programa de Benestar Social da Deputación de Lugo denominado "LugoTermal" nos tres balnearios da provincia de Lugo:

- BALNEARIO E TERMAS DE LUGO, S.L.
- HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS, S.L.
- BALNEARIO DE RIO PAMBRE, S.L

REQUISITOS:

a) A solicitante titular do programa deberá cumprir os requisitos de estar empadroadá nalgún dos concellos da provincia de Lugo e ter cando menos os 50 anos cumpridos. A titular, poderá participar cunha acompañante que non cumpra os requisitos contemplados neste parágrafo.

b) Valerse por se mesma para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa, excepto no caso de fillos/as que acudan en calidade de acompañantes, os cales deberán compartir habitación cos proxenitores, os cales serán os responsables dos mesmos.

c) Non padecer alteracións do comportamento que podan afectar á normal convivencia nos establecementos, non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio e carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.

SERVIZOS E PREZOS:

- OPCIÓN A : ESTANCIA + TRATAMENTOS (189,50€ IVE engadido a cargo da persoa participante).
- OPCIÓN B : TRATAMENTO SEN ESTANCIA (200,00€ IVE engadido a cargo da persoa participante).

DOCUMENTACIÓN:

Anexo I e fotocopia do DNI de cada solicitante.

PRAZO DE INSCRICIÓN:

Comezará o día 14 de xullo e rematará o 30 de xuño de 2022 ou cando se esgoten as prazas dispoñibles.

Para calquera información contactar coa Traballadora Social no Concello de Ribeira de Piquín.

Ribeira de Piquín, 13 de xullo de de 2021.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

